


II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Asistencia a teatro en castelán segundo a provincia



Destes resultados salientamos a tendencia do público coruñés e lucense dos espectáculos do IGAEM a acudir en menor medida a representacións de teatro en castelán que os seus homólogos das provincias ourensá e pontevedresa.

Aínda que as diferenzas non son moi notábeis o certo é que serven para que Pontevedra aumente a diferenza que a separa da Coruña en número de espectadores a este tipo de espectáculos escénicos.


Polo demais as posicións relativas entre provincias non se alteran e se reproducen as que se obtíñan para o conxunto dos espectáculos e para o teatro en lingua galega: Pontevedra, A Coruña, Lugo e Ourense.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 20. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo

Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo	Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo			Total
	<= 20.000 hab.	20.001 a 50.000 hab.	7 Cidades	
Máis de 6 veces ao ano	14,1%	28,2%	26,7%	22,7%
Entre 2 e 6 veces ao ano	45,8%	42,3%	41,9%	43,4%
Unha vez ao ano	21,5%	16,2%	21,2%	19,7%
Nunca	18,6%	13,3%	10,1%	14,2%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a teatro en castelán segundo hábitat



Independentemente da achega de cada hábitat ao número de espectadores demostrase que aqueles que acoden a representacións teatrais en castelán o fan con maior frecuencia tanto nas cidades como nos concellos medianos, e menos nos concellos pequenos. Este é un dato común a teatro en galego.


II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Un dato diferente é o seguinte fenómeno: a fracción de espectadores que nunca asistiu a funcións de teatro en castelán é maior canto máis reducido é o número de habitantes do concello en que teñen lugar as representacións escénicas.

Táboa 21. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo o xénero

Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo o xénero	Xénero		Total
	Home	Muller	
Máis de 6 veces ao ano	18,8%	24,9%	22,7%
Entre 2 e 6 veces ao ano	43,5%	43,4%	43,4%
Unha vez ao ano	20,0%	19,5%	19,7%
Nunca	17,7%	12,2%	14,2%
Total	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a teatro en castelán segundo o xénero



Á hora de falar do perfil dos asistentes a espectáculos teatrais en lingua castelá e da frecuencia de asistencia ás súas representacións, e a diferenza do que acontecía co teatro en galego, neste caso si se perciben diferenzas entre xéneros.


II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

O comportamento diferencial vén definido pola maior frecuencia de asistencia das mulleres a este tipo de teatro.

Táboa 22. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo intervalos de idade

Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo intervalos de idade	Intervalos de idade						Total
	15-24 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55-64 anos	65+ anos	
Máis de 6 veces ao ano	17,4%	22,3%	24,1%	25,1%	19,2%	32,7%	22,7%
Entre 2 e 6 veces ao ano	51,3%	49,2%	33,5%	40,7%	51,2%	32,2%	43,4%
Unha vez ao ano	13,6%	15,3%	25,2%	26,8%	19,8%	-	19,7%
Nunca	17,8%	13,3%	17,1%	7,3%	9,9%	35,1%	14,2%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a teatro en castelán segundo a idade



Se deixamos a un lado o intervalo de idades superior, que se ve afectado como xa se dixo polo reducido número de espectadores e observacións que reúne, a principal conclusión que se pode tirar da análise da frecuencia de asistencia por idades é a diferenza que se produce entre o que acontece antes e despois dos 35 anos.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Os espectadores máis novos son os que presentan unha maior fracción de asistentes regulares (entre 2 e 6 veces no ano), e ao mesmo tempo os que presentan unha menor fracción de asistentes habituais (máis de 6 veces no ano).

As persoas de idades comprendidas entre os 35 e os 55 anos caracterízase, pola contra, por presentar unha fracción máis importante de espectadores habituais e de espectadores ocasionais, pero unha menor de espectadores regulares.

Outro fenómeno apreciable é o que indica que existe aínda unha fracción importante de xente nova que nunca asistiu a representacións teatrais en castelán (aínda que si en galego, como se viu), fracción que se vai reducindo, en termos xerais, coa idade.


Tamén se deixa apreciar aquí a relación íntima e estreita que en Galicia se dá aínda entre os colectivos que realizan actividades culturais e educativas, que consomen produtos culturais máis intensivamente ou que participan máis activamente no mundo das artes escénicas, e o compromiso coa lingua galega.

Táboa 23. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo o nivel de estudos

Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo o nivel de estudos	Cal é o seu nivel de estudos?									Total
	Non sabe ler nin escribir / Menos de 5 anos de escolarización	Sen completar bacharelato elemental, EXB ou ESO	Bacharelato elemental EXB ou ESO completo	FPI grao medio ou oficial industrial	Bacharelato superior BUP/LOXSE COU/PREU	FP II grao superior ou mestría industrial	Diplomatura, arquitectura ou enxeñaría técnicas	Licenciatura, arquitectura ou enxeñaría superiores	Doutoramento	
> 6 veces ao ano	74,2%	23,8%	11,0%	20,0%	25,3%	13,7%	26,0%	24,9%	-	22,7%
2- 6 veces ao ano	25,8%	48,6%	33,4%	22,2%	36,1%	54,5%	41,0%	49,4%	100,0%	43,4%
1 vez ao ano	-	18,0%	34,0%	25,0%	22,5%	13,2%	20,1%	16,1%	-	19,7%
Nunca	-	9,6%	21,6%	32,8%	16,2%	18,7%	12,9%	9,5%	-	14,2%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Asistencia a teatro en castelán segundo a formación



Novamente é a formación académica regulada ou o nivel de estudos cursados a que máis determina non só a asistencia ás representacións senón tamén a frecuencia de asistencia.

Abstraéndonos das dúas primeiras categorías (comezando pola esquerda), que posúen poucas observacións e presentan porcentaxes pouco fiábeis, o resto de categorías indican ben ás claras que a fracción de persoas que nunca asistiu a teatro en lingua castelá decrece canto maior é a formación académica. O mesmo acontece coa fracción de persoas de cada categoría que ten unha asistencia ocasional. O correlato disto é que a fracción de espectadores que asisten con certa frecuencia acentúase canto maior é o nivel de estudos.


II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

No teatro en castelán se reproduce o fenómeno visto para o teatro en galego de relación entre nivel de estudos e asistencia regular a teatro en castelán, aínda que aquí a relación é moito máis diáfana. De feito podemos afirmar que se hai diferenzas nos perfís de frecuencia de asistencia entre ambos esta dáse sobre todo nos grupos poboacionais con menos formación académica, igualándose moito máis, por exemplo, entre os espectadores con nivel de estudos universitarios.

Táboa 24. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo a relación coa actividade económica

Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo a relación coa actividade económica	Cal é a súa relación coa actividade económica?					Total
	Ocupado/a	Parado/a	Estudante	Labores do fogar	Xubilado/a, pensionista, outra situación	
Máis de 6 veces ao ano	26,3%	17,5%	11,5%	16,9%	18,4%	22,7%
Entre 2 e 6 veces ao ano	42,1%	55,2%	50,3%	37,2%	36,6%	43,4%
Unha vez ao ano	18,8%	22,9%	20,0%	23,4%	20,3%	19,7%
Nunca	12,8%	4,4%	18,2%	22,4%	24,8%	14,2%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a teatro en castelán segundo a relación coa actividade económica



II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

O cruce da frecuencia de asistencia a teatro en castelán e a relación coa actividade económica mostra uns resultados con escasas diferenzas, destacando:


- As persoas paradas son as que máis asisten a teatro en castelán, isto é, as que presentan unha fracción menor da resposta 'nunca'. Relacionado con isto encontrárase a maior importancia das fracción de asistentes regulares e ocasionais.

- As persoas ocupadas son as que presentan a maior fracción de asistentes habituais.

- É entre as persoas inactivas, pero tamén entre as estudantes, onde hai máis asistentes aos espectáculos do IGAEM que declaran non ter ido nunca a representacións teatrais en castelán.

Teatro infantil

Frecuencia de asistencia a teatro infantil



Con que frecuencia asiste a teatro infantil

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 25. Frecuencia de asistencia a teatro infantil

Frecuencia de asistencia a teatro infantil	Porcentaxe
Máis de 6 veces ao ano	10,8
Entre 2 e 6 veces ao ano	22,1
Unha vez ao ano	13,7
Nunca	53,4
Total	100,0

Algo menos da metade do público da Rede asistiu algunha vez a representacións de teatro infantil. Son máis os que nunca presenciaron unha función infantil, concretamente o 53% do total.

A frecuencia de asistencia entre as persoas que asistiron algunha vez segue o mesmo patrón visto para o teatro en castelán: o grupo dos espectadores regulares obtén unha porcentaxe (22%) que dobra aproximadamente a calquera das outras dúas: espectadores habituais (11%) e espectadores ocasionais (14%).


Se retomamos a referencia de 2 funcións por ano como indicador xeralmente adoptado noutras investigacións semellantes, a porcentaxe de consumidores de teatro infantil entre o público do da Rede de Teatros e Auditorios redúcese a 1 de cada 3 persoas.

Táboa 26. Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo a provincia

Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo a provincia	Provincia onde ten lugar o espectáculo				Total
	Coruña, A	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Máis de 6 veces ao ano	21,6%	16,7%	33,9%	25,1%	22,7%
Entre 2 e 6 veces ao ano	38,1%	47,9%	40,7%	47,3%	43,4%
Unha vez ao ano	24,7%	18,3%	14,4%	15,6%	19,7%
Nunca	15,6%	17,0%	11,0%	12,0%	14,2%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Asistencia a teatro infantil segundo a provincia




A frecuencia de asistencia a teatro infantil se demostra maior nas provincias atlánticas que nas orientais, pois é nelas onde a porcentaxe de espectadores habituais é maior. Séguese así un paralelismo co número de espazos escénicos e de público dos espectáculos do IGAEM que hai en cada provincia, o que pode indicar unha relación directa ou indirecta entre dotación de infraestruturas e intensidade de consumo de teatro infantil.

Se consideramos tamén os espectadores frecuente e ocasionais, Ourense sitúase ao nivel da Coruña, e deixando a Lugo como a provincia coa intensidade de consumo máis baixa das catro provincias.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 27. Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo

Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo	Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo			Total
	<= 20.000 hab.	20.001 a 50.000 hab.	7 Cidades	
Máis de 6 veces ao ano	12,0%	11,3%	8,9%	10,8%
Entre 2 e 6 veces ao ano	24,1%	20,2%	22,1%	22,1%
Unha vez ao ano	13,8%	11,8%	15,6%	13,7%
Nunca	50,2%	56,8%	53,5%	53,4%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%




En función do hábitat demóstrase que a proporción de consumidores habituais de teatro infantil aumenta canto menor é o tamaño de poboación do concello onde teñen lugar as representacións. Porén, se consideramos o resto de espectadores, frecuentes e ocasionais, constátase que é no intervalo central de concellos medianos onde menor porcentaxe de consumidores de teatro infantil se rexistran.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 28. Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo o xénero

Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo o xénero	Xénero		Total
	Home	Muller	
Máis de 6 veces ao ano	7,5%	12,4%	10,8%
Entre 2 e 6 veces ao ano	23,6%	21,4%	22,1%
Unha vez ao ano	8,2%	16,6%	13,7%
Nunca	60,8%	49,6%	53,4%
Total	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a teatro infantil segundo o xénero



A análise das variábeis sociodemográficas evidencia, en primeiro lugar, a maior proporción de mulleres en canto a consumo de teatro infantil. Un 50% das espectadoras do IGAEM acoden a este tipo de funcións, entanto só un 40% dos homes o fan.


Ademais desta constatación verifícase que a diferenza entre homes e mulleres vén explicada fundamentalmente polo feito de existir un grupo feminino relativamente numeroso de espectadoras ocasionais, mentres que para esta categoría apenas se rexistran homes.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 29. Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo intervalos de idade

Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo intervalos de idade	Intervalos de idade						Total
	15-24 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55-64 anos	65+ anos	
Máis de 6 veces ao ano	9,3%	11,4%	16,0%	3,6%	6,7%	20,1%	10,8%
Entre 2 e 6 veces ao ano	12,5%	21,0%	35,2%	17,0%	19,9%	5,0%	22,1%
Unha vez ao ano	11,4%	14,9%	10,6%	18,9%	14,3%	7,1%	13,7%
Nunca	66,8%	52,7%	38,1%	60,5%	59,0%	67,8%	53,4%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a teatro infantil segundo a idade



Se o anterior xa nos podía dar unha idea sobre a natureza do fenómeno, a análise por idades confirma as principais sospeitas. A parte do público da Rede que asiste a funcións de teatro infantil está composto en grande medida por mulleres de mediana idade responsábeis da educación, titoría e coidado de nenos e nenas.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Os intervalos de idades que presentan unha maior proporción de asistentes a este tipo de teatro son precisamente aqueles nos que é máis frecuente encontrar nais e pais en idade de ter fillos e fillas que cursan o ensino primario. A partir dos 45 anos a proporción de asistentes a este xénero teatral diminúe.

Porén, aínda que esta compoñente materna caracteriza fortemente ao grupo dos espectadores de teatro infantil non hai que esquecer que tamén incorpora outros perfís diferentes.

Aínda que a porcentaxe máis baixa de espectadores de teatro infantil se rexistra entre os entrevistados máis novos isto pode deberse ao feito de que as persoas de maior idade teñen acumulado un consumo cultural maior, e teñen polo tanto maiores probabilidades de ter asistido algunha vez, como principais destinatarios do xénero ou como acompañantes dos rapaces.

Con todo, se as nais e os pais asisten en determinada proporción poderíamos supoñer que os fillos de 25 ou 30 anos menos tamén o fan nunha proporción semellante. Aínda que ese sector infantil da poboación cae fóra do ámbito de estudo desta investigación, o certo é que se pode deducir unha descontinuidade entre o consumo de teatro infantil entre os nenos e os adultos ao longo da adolescencia e a xuventude.

Pensamos que isto pode encontrarse relacionado non só coa natureza infantil do xénero senón tamén con outros factores como: o feble das actividades de teatro escolar, a ruptura vital de moitos estudantes de ensino superior que se afastan do teatro afeccionado por causa de estudos ou traslados ás cidades, ou a falta de oferta teatral específica para a adolescencia e primeira mocidade.

En calquera caso, diversos estudos que analizan a frecuencia de asistencia a espectáculos de artes escénicas sosteñen que tanto as persoas que adquiriron a idades temperás o hábito de consumo de produtos escénicos como as que recibiron nalgún momento da súa vida formación específica en algunha modalidade escénica presentan unha maior intensidade de consumo. Un destes estudos sinala concretamente que entre a poboación que presenta algunha destas dúas características se duplica o número de espectadores habituais, representando esta diferenza unha ganancia neta de espectadores. De aí a importancia de potenciar políticas de promoción en idades temperás.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 30. Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo o nivel de estudos

Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo o nivel de estudos	Cal é o seu nivel de estudos?									Total
	Non sabe ler nin escribir / Menos de 5 anos de escolarizació	Sen completar bacharelato elemental, EXB ou ESO	Bacharelato elemental EXB ou ESO completo	FPI grao medio ou oficiala industrial	Bacharelato superior BUP/LOXSE COU/PREU	FP II grao superior ou mestría industrial	Diplomatura, arquitectura ou enxeñería técnicas	Licenciatura, arquitectura ou enxeñería superiores	Doutoramento	
> 6 veces ao ano	-	7,4%	2,6%	11,1%	16,6%	4,9%	12,9%	11,4%	-	10,8%
2- 6 veces ao ano	25,8%	18,7%	19,1%	15,5%	15,3%	34,6%	36,1%	17,3%	-	22,1%
1 vez ao ano	-	19,6%	5,2%	13,0%	18,3%	12,3%	11,4%	14,4%	-	13,7%
Nunca	74,2%	54,4%	73,1%	60,4%	49,9%	48,2%	39,6%	56,8%	100,0%	53,4%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a teatro infantil segundo a formación

